



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

VIII CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL 2025

As bases polas que se rexerá o Concurso de postais de Nadal con mensaxe son:

Primeira

Poderán participar:

- Menores Empadroad@s no Concello de Irixoa.

Segunda

Establécense tres categorías:

- De 3 a 5 anos
- De 6 a 8 anos
- De 9 a 11 anos
- De 12 a 14 anos

Terceira

Non se aceptarán postais realizadas en grupo. Valoraranse a técnica empregada, a presentación, o esforzo e a orixinalidade da postal, así como a mensaxe.

Cuarta

As postais terán seguintes dimensións: entre 21x15, e máximo A4 (folio), presentadas en cartolina por una soa cara.

Poden entregarse na técnica que cada un considere oportuna: pinturas, acuarelas, témperas, collage...etc.,.

Evitarase o uso de materiais que poidan desprenderse coa manipulación das mesmas, as postais pregadas, e debuxalas por ambas caras.

A postal deberá incluír unha mensaxe coa palabra Irixoa ...e a de felicitación de Nadal. A mensaxe terá que ser en lingua galega.



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

Quinta

Aceptaranse como máximo dúas postais por participante. No caso de non presentarse un mínimo de tres postais por cada categoría o xurado pode declarar esa categoría deserta.

Sexta

A postal/postais levará na parte traseira un título e a idade do/a participante, a postal/ postais se introducirán nun sobre que levará o nome e apelidos e idade do neno/nena na solapa. Entregarase xunto co formulario de solicitude que se poderá descargar da páxina web do concello de Irixoa, ou se facilitará nas oficinas xerais do Concello.

O prazo de presentación será ata o día 28 de novembro.

As postais poderán entregarse:

Nas Oficinas Municipais do Concello de Irixoa de luns a venres de 9:00 a 14:00 horas.

Por correo ordinario dirixido a Concello de Irixoa, Pazo de Irixoa, 6A, 15313 Irixoa.

Sétima

Entre todas as persoas participantes, elixirase un primeiro premio por cada categoría

O/a gañador/a de cada unha das categorías, recibirá un diploma acreditativo e un agasallo:

1ª categoría: diploma e vale regalo de 70 €.

2ª categoría: diploma e vale regalo de 70 €.

3ª categoría: diploma e vale regalo de 70 €.

4ª categoría: diploma e vale regalo de 70 €.

O día 4 de decembro o xurado dará a coñecer o/a gañador/a de cada categoría.



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

Oitava

Avísarase aos gañadores ou gañadoras do día de entrega dos premios, que se realizará no Salón de sesións do Casa Consistorial, debe acudir á recollida o/a neno/a gañador/a xunto cunha persoa proxenitora.

Novena

O traballos que teñan connotación sexistas, xenófogas, racistas ou ofensivas excluiránse do concurso.

Os traballos dos participantes premiados quedarán no poder da Administración municipal. Coa aceptación do premio, o/a gañador/a consente na cesión dos dereitos sobre a obra presentada a concurso ao Concello de Irixoa.

As postais gañadoras serán as que usarán para realizar a postal de Felicitación de Nadal que cada ano entrega o concello á veciñanza.

Os traballos non premiados poderán ser retirados polas súas/seus autoras no prazo dun mes posterior á finalización do prazo de entrega. A partir desta data entenderase que renuncian a súa obra e pasará a ser propiedade do Concello de Irixoa que determinará o seu uso e destino.

Décima

Os autores/autoras autorizan a reprodución dos mesmos en calquera medio impreso ou electrónico, e sen límite temporal nin xeográfico. O Concello fará constar o nome completo do autor e a idade.

O/a participantes acepta e autoriza que a súa obra como tamén as imaxes de entrega de premios aos/ás gañadores, sexa visible na web, redes sociais, etc. do Concello de Irixoa, exclusivamente coa fin das bases deste concurso.

Os datos persoais serán tratados de conformidade coas bases do concurso, non cedendose ou comunicándose os mesmos a terceiros.

Décimo primeira

O xurado estará composto por:



CONCELLO DE IRIXOA (A Coruña)

Presidente: Antonio Deibe Sanmartín, alcalde de Irixoa.

Secretaria: Maria Elisa Alonso Figueroa, animadora sociocultural do Concello de Irixoa.

Vogal: María Pilar Cabezal Villamr, educadora familiar do Concello de Irixoa.

Vogal: Isabel Tojo Curros, Traballadora social do Concello de Irixoa.

Décimo segunda

A participación implica a cesión ao Concello de Irixoa dos dereitos de produción, distribución, comunicación pública e transformación das obras presentadas nos termos previstos na lexislación de Propiedade intelectual, a través de calquera medio ou formato, sen limitación temporal, material ou xeográfica, polo que o concello pasa a ser o propietario de todos os dereitos de propiedade industrial e intelectual que poidesen corresponderlle en relación a ilustración.

Os datos persoais das persoas participantes atópanse incorporados nos tratamentos de titularidade do Concello de Irixoa, coa fin de tramitar o concurso, seleccionar as persoas gañadores e ponerse en contacto con eles, así como publicar os traballos na páxina web, redes sociais, bando móbil, e medios de comunicación de ser o caso. Utilizaranse tamén para xestionar a relación do concello coas persoas concursantes e a súa participación no concurso, darlle a coñecer o resultado do mesmo e promover e informar sobre novidades na actividade do Concello ou os seus servizos.

Décimo terceira

A participación no concurso implica a aceptación destas bases. O decisión do xurado será inapelable.